



CONCELLO DE POIO

Ref: MC

(Secretaría)

ACTA DA SESION ORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS VINTE E SETE REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DÍA VINTE E OITO DE XULLO DE DOUS MIL NOVE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezasete horas e trinta minutos do día vinte e oito de xullo de dous mil nove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coa asistencia dos Concelleiros D. Xulio Barreiro Lubián, D. Xose L. Martínez Blanco, D^a. Luz Senra Lorenzo, Silvia Díaz Iglesias, D. Francisco Piñeiro Murillo, D. Miguel Anxo Pazos Barros, D^a. Consuelo Besada Lores, D. Gregorio L. Agís Gómez, D^a. Rosa Fernández González, D. Javier Domínguez Lino, D^a. Celeste Nieto García, D. Alberto Villaverde Méndez, D. Angel Moldes Martínez, D^a. Irene Ligeró Iglesias, Miguel A. Martínez Nacemento e D. Manuel Domínguez Álvarez; actuando a Secretaria Xeral do Concello D^a. Paula Díaz Ramos e D^a. Olga Fernández Rodríguez en calidade de Interventora Municipal. Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ó día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3270.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR DO 30 DE XUÑO DE 2009.- De conformidade co disposto no artigo 91 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta da acta da sesión realizada con data 30/06/2009 na que se pon de manifesto por parte do Sr. Domínguez Álvarez que na relación de concelleiros asistentes á sesión el non aparece pero que si estivo presente na reunión polo que solicita que se rectifique a acta nese sentido; previa rectificación da acta na forma sinalada polo concelleiro esta quedou aprobada por unanimidade.

3271.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Pola secretaria presente na sesión dáse conta das resolucións da alcaldía desde o último pleno ordinario as que estiveron expostas a disposición dos concelleiros na Secretaria Xeral do Concello, xunto cos demais asuntos da orde do día.

A Corporación dáse por enterada.

3272.- DAR CONTA DO ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ACORDOS PRECEDENTES.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do estado de execución dos acordos precedentes e que son os que seguen: "3260.- LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2008.- Uniuse certificación do acordo ao expediente; 3261.- INFORME REPARO FACTURAS RECIBIDAS SEN EXISTENCIA DE CRÉDITO NA DATA DE EMISIÓN DAS MESMAS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente; 3262.- MODIFICACIÓN NUM. 7/2009 DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURERÍA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia; 3263.- APROBACIÓN CERTIFICACIÓN OBRA NUM. 6 DA "CASA DE CULTURA DE RAXÓ".- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse á empresa adxudicataria e á Intervención Municipal; 3264.- MODIFICACIÓN 8/2009 DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURERÍA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia; 3265.- APROBACIÓN ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia; 3266.- PROPOSTA DA ALCADÍA SOBRE NOME DUNHA RÚA NO LUGAR DE CAMPELO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse anuncio ao Boletín Oficial da Provincia; 3267.- MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia; 3268.- RECTIFICACIÓN DE ERROS, SE PROCEDE, DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DO CATÁLOGO, CONCELLO DE POIO, DESCATALOGACIÓN DO BEN PROTEXIDO NUM. 16 B-15, EN RÚA CLEMENTE ECHEVERRÍA, 1- RAXÓ, POIO, PONTEVEDRA, PROMOVIDO POLO CONCELLO DE POIO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Urbanismo para a remisión do expediente á Consellería respectiva; 3269.- RECTIFICACIÓN DE ERROS. SE PROCEDE, PROCEDEMENTO MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM DO CONCELLO DE POIO EN RÚA PEIRAO, SAN SALVADOR, POIO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Urbanismo para a remisión do expediente aos Organismos respectiva."

A corporación dáse por enterada.

3273.- CONTRATACIÓN, APROBACIÓN CERTIFICACIÓN N° 7 E N° 8 CORRESPONDENTE ÁS OBRAS DA CASA DE CULTURA DE RAXÓ, DE ARIAS HERMANOS, SL.- Pola Secretaria dáse conta das certificacións núm. 7 e núm. 8 da obra correspondente á Casa de Cultura de Raxó, por un importe de 245584,14 € e 107601,03 €, acompañadas polas correspondentes facturas M-36000-057 e M-36000-064, as que corresponde descontar 21176,62 € e 19082,67 € para proceder ao pagamento os materiais utilizados na execución certificada nas mesmas que foron no seu día acopiados e abonadas.

As certificacións foron conformadas polos Directores de Obras D. Emmanuel Romero Parra e D. Miguel A. Martínez Muñoz e polo Aparellador Municipal D. Fernando Sevilla Ricote.

Consta no expediente informes da intervención municipal de datas 03/07/2009 e 15/07/2009 da existencia de crédito suficiente na partida 451.60100 para proceder a aprobación das

certificacións de obra unha vez deducido o importe das contías dos materiais acopiados así como pola intervención tómase razón do endoso da certificación núm. 7 e núm. 8 da obra correspondente.

Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 21 de xullo de 2009 e que di o que segue: "Dáse conta do expediente e do informe da intervención municipal de data 03 de xullo de 2009 no que se abordan, entre outros consideracións, a existencia de crédito suficiente para proceder á aprobación da certificación de obra nº 7 por importe de 267683,54 € dos que corresponde descontar para proceder ao pago os materiais utilizados na execución certificada na mesma que foron no seu día acopiados e abonados e que según a relación presentada e asinada por os directores de obra e o director executivo da obra ascenden na presente certificación a 21176,62 euros. Por tanto, o importe a abonar con respecto á certificación de obra nº 7 ascende a cantidade de 245584,14 €.

Dáse conta igualmente informe da intervención municipal de data 15 de xullo de 2009 no que se abordan, entre outros consideracións, a existencia de crédito suficiente para proceder á aprobación da certificación de obra nº 8 por importe de 107601,03 € dos que corresponde descontar para proceder ao pago os materiais utilizados na execución certificada na mesma que foron no seu día acopiados e abonados e que según a relación presentada e asinada por os directores de obra e o director executivo da obra ascenden na presente certificación a 19082,67 euros. Por tanto, o importe a abonar con respecto á certificación de obra nº 8 ascende a cantidade de 88518,36 €.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou ditaminar favorablemente ditas certificacións de obra e a transmisión dos dereitos de cobro nela incluídos."

Non subscitándose debate ningún, o Pleno ao abeiro da Disposición adicional segunda da Lei 30/2007, do 30 de outubro de 2007 e do establecido no Prego de cláusulas administrativas particulares, en votación ordinaria e polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros, ACORDOU:

Primeiro.- Prestar aprobación ás certificacións ordinarias núm. 7 e núm. 8 das obras comprendidas no proxecto "CASA DE CULTURA EN RAXÓ" por importe de 245584,14 €(dos que 21176,62 € corresponden á obra a acopios de materiais) e 107601,03 € (dos que 19082,67 € corresponden á acopios de materiais) e facturas num. M-36000-057 e M-36000-067, de data 29 de maio de 2009 e 30 de xuño de 2009 emitidas por ARIAS HERMANOS CONSTRUCCIONES, SA., C.I.F. A-15008485.

Segundo: De conformidade co artigo 201 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público tomar coñecemento do acordo de cesión dos dereitos de cobro a favor de Caixa Galicia.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo xunto coa documentación complementaria á Consellería de Cultura e Turismo

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Contratación, Intervención así como á Sociedade interesada comunicándolle que contra o mesmo pode, directamente no prazo de 1 mes, desde a notificación, interpor o recurso potestativo de reposición perante a Alcaldía, de conformidade co disposto nos artigos 14.2º do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais ou ben directamente Recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte ao establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este deberá ser resolto e notificado no prazo de 1 mes segundo establece o artigo 117.2 da antedita Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 43.2 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, podendo entón os interesados interpoñer o recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de 6 meses contados desde o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ao establecido no artigo 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte a Dereito.

3274.- CONTRATACIÓN, SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE AVAL Nº 0182000593613 CORRESPONDENTES Á OBRA DA CASA DE CULTURA DE RAXÓ, DE ARIAS HERMANOS, SL.- Dáse conta do expediente e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 21 de xullo de 2009 que di o seguinte: "Dáse conta do expediente tramitado co motivo da instancia presentada por D^a. Susana Lenguas Gil en representación da empresa Arias Hermanos Construcciones, SA con data 14 de xullo de 2009 número de entrada no Rexistro Xeral 3650, na que expón que sendo adxudicatarios das obras de "Execución da Casa de Cultura de Poio" con data 16 de outubro de 2008 constituiron avais polo importe de 123996,30 € en concepto de fianza para responder do acopio de materiais da obra de referencia sendo devoltos os avais nº. 0182000593610 e o 0182000593618 quedando pendente a devolución do aval nº 0182000593613 polo importe de 38.000 € depositado na entidade financeira Banco Bilbao Vizcaya con data 18 de outubro de 2008, solicitándose a súa devolución.

Dáse conta igualmente do informe emitido pola Interventora Municipal de data 16 de xullo de 2009, no que se entre outros extremos infórmase favorablemente a devolución do devandito aval nº 0182000593613 polo importe de 38000€.

Non subscitándose debate ningún, a corporación por unanimidade de asistentes acordou ditaminar favorablemente a devolución do devandito aval depositado por Arias Hermanos Construcciones, SA e que se eleve a consideración do Pleno para a

súa aprobación.”

Non subscitándose debate ningún, o Pleno ao abeiro da Disposición adicional segunda da Lei 30/2007, do 30 de outubro de 2007 e do establecido no Prego de cláusulas administrativas particulares, en votación ordinaria e polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros, ACORDOU:

Primeiro.- Aprobar o ditame emitido polo Comisión Informativa de Facenda e proceder á devolución do aval nº 0182000593613 polo importe de 38.000 € depositado na entidade financeira Banco Bilbao Vizcaya con data 18 de outubro de 2008

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Contratación, Intervención así como á Sociedade interesada comunicándolle que contra o mesmo pode, directamente no prazo de 1 mes, desde a notificación, interpor o recurso potestativo de reposición perante a Alcaldía, de conformidade co disposto nos artigos 14.2º do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais ou ben directamente Recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte ao establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este deberá ser resolto e notificado no prazo de 1 mes segundo establece o artigo 117.2 da antedita Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 43.2 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, podendo entón os interesados interpoñer o recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de 6 meses contados desde o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ao establecido no artigo 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte a Dereito.

3275.- PsdeG-PSOE, MOCIÓN CONTRA A SUPRESIÓN DA GRATUIDADE DOS LIBROS DE TEXTO NO ENSINO.-Pola Secretaria presente na sesión dáse conta á corporación da moción presentada polo Grupo municipal Socialista con data de entrada no Rexistro Municipal o 14 de xullo de 2009, núm. 3649 e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 21 de xullo de 2009 que di o que segue: “Previa aclaración por Dna. Consuelo Besada de que á moción presentase por urxencia aínda que se presentou no Concello con tempo suficiente para ser incluída no orde do día.

Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes, dáse conta pola Concellería D^a. Consuelo Besada da moción presentada e procede a súa lectura na que tras unha ampla exposición de motivos remata solicitando que polo Pleno da Corporación se adopte o seguinte acordo "O Pleno do Concello de Poio en base á que a educación constitúe un dereito básico e universal de toda a cidadanía insta á Xunta a continuar co modelo de gratuidade dos libros de texto no ensino obrigatorio impulsado polo anterior goberno, na procura dun sistema educativo universal, de calidade e gratuito para todos e todas" .

Manifesta que o seu grupo considera que a Xunta de Galicia debe continuar a gratuidade dos libros de texto, que é un logro do equipo de goberno anterior e que o feito de retirar a gratuidade é un dereito que se lle recortaría a todos os galegos.

D. Miguel A. Nacemento, expresa a súa desconformidade con dita moción polos motivos que se expresan na mesma que o grupo municipal do P.P. presenta, por urxencia, nesta mesma sesión e que se exporán mais tarde ó tratar dita moción.

Á Comisión por seis votos a favor dos membros do BNG e do PSOE, catro votos en contra dos membros do PP e ningunha abstención acordou ditaminar favorablemente a moción presentada e que se someta a consideración do pleno para a súa aprobación."

A Sra. Besada Lores di que a moción presentada baséase que no goberno bipartito dábanse os libros gratuitos e que agora o PP pretende reducir e rebaixar en base ás rendas das familias, nos seguimos pensando e defenderemos en que os libros deben de ser gratuitos para todos xa que se trata dun dereito adquirido polas familias.

A Sra. Senra Lorenzo explica que co novo sistema que intenta implantar a Xunta de Galicia o que se está a facer é establecer unhas diferenzas graves entre os nenos e nenas na ensinanza, xa que se trata dunha ensinanza obrigatoria e gratuita e os libros forman parte desta ensinanza gratuita, trátase dun dereito universal. Tamén hai que destacar que se asinou un convenio coas librarías e agora todos este compromisos adquiridos polo goberno anterior preténdense romper.

O Sr. Martínez Nacemento manifesta que van votar en contra da moción presentada porque o anterior sistema realmente non era de gratuidade dos libros de texto. Os libros tiñan unha duración de 4 anos co conseguinte deterioro e falta de incentivo para os alumnos. O sistema de "café para todos" amósase como inxusta independentemente do nivel de ingresos das familias.

Os importes máximos son insuficientes. A liberalización dos prezo do libro pola lei do libro de 2006 facía que na práctica os pais xa tiñan que pagar algúns libros.

A reposición de todos os anos en 1º e en 2º de primaria e

educación especial, nestes cursos xa non había préstamo, eran libros novos todos os anos.

Dificultade de xestión dos libros nos centros (profesorado que supervisa, recibe, cataloga..)

Existen moitas variacións no investimento do sector do libro, existe inestabilidade, dependendo dos cursos que se implantan cada ano.

O importe necesario para o curso 2009/2010 14 millóns de €.

Desde o Partido Popular propoñemos a gratuidade solidaria sobre o préstamo condicionado.

O Sr. Martínez Blanco di que con respecto á moción o Partido Popular este sempre é partidario de non subir os impostos pero con esta supresión si que é a Xunta a que está a subir o gasto dos veciños que agora van ter que pagar e ata o de agora era un gasto aforrado. O que plantexa o Partido Popular é que os efectos negativos das editoriais galegas a sufran as familias, xa que se trata de cambiar os libros de texto a editoriais que a saber si son galegas. As economías somerxidas por debaixo do nivel da pobreza teñen dereito ao 100% e desta maneira sóbense os imposto un 400%.

A Sra. Besada Lores di que o Sr. Martínez Nacemento volve a empregar o termo "café para todos", a verdade que parece unha expresión moi fríbola. En resumo, o que se pretende coa moción presentada é que retiren a gratuidade dos libros xa que o que se pretende é retirar un dereito adquirido dun plumazo.

Realmente gratuidade solidaria, que significa, en que consiste con detalle e precisión esa solidariedade. As familias, con ingresos ao ano de 9000 € xa non terán dereito e Asturias con 60000 €/ano, creo que non son comparables.

A Sra. Luz Senra di que co sistema do bipartito cubríase o 100% facéndose o primeiro ano con cobertura a 3 anos e co sistema do Partido Popular cúbrese o 25% do alumnado.

O Sr. Barreiro Lubián di que está claro que hai un debate que é de fondo ideolóxico, un sistema que debería ser igual para todos tando na sanidade coma na educación.

Todas as medidas para facer solidaria a unha cidadanía é mediante a supresión de impostos. Agora imponse unhas rendas cuns intervalos que ao mellor para o ano retíranse e así xa non se ofrece o servizo.

O Sr. Agís Gómez di que a aportación das familias coas rendas altas débense facer mediante a declaración da renda non mediante a supresión de servizos e dereitos, que non é comparable con outras CCAA que fixan a renda en 60000 € aquí en Galicia 9000 €.

Sometido a votación ordinaria a moción presentada, e ao abeiro do establecido no art. 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e concordante da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, esta quedou aprobada por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), 7 votos en contra do PP e

ningunha abstención adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- O Concello de Poio en base as que a educación constitúe un dereito básico e universal de toda a cidadanía insta a Xunta de Galicia a continuar co modelo de gratuidade dos libros de texto no ensino obrigatorio impulsado polo anterior goberno, na procura dun sistema educativo e universal, de calidade e gratuito para todos e todas.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á Consellería de Educación da Xunta de Galicia para o seu coñecemento e efectos oportunos.

3276.- PARTIDO POPULAR, MOCIÓN SOBRE O PROGRAMA DE GRATUIDADE SOLIDARIA DOS LIBROS DE TEXTO.- Pola Secretaria dáse conta do escrito presentado polo Partido Popular e que tivo entrada no Rexistro Xeral con data 21 de xullo de 2009, número 3788 e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas con data 21 de xullo de 2009 e que di o que segue: "Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes dáse conta da moción presentada de data 21/07/2009 que tivo entrada no rexistro xeral do concello o mesmo día, na que tras ampla exposición de motivos remata solicitando a adopción dos seguintes acordos:

"- Substituír dun xeito progresivo o sistema de empréstimo de libros por un sistema de gratuidade solidaria, que permita ás familias con alumnado de Educación Especial pou con menos recursos poidan adquirir os libros de texto sen coste algún.

- Reinvidicar a diferenza orzamentaria entre o sistema de gratuidade solidaria e o de empréstimo na adquisición de material ou na mellora das instalacións de centros escolares ou doutros servizos educativos, como os comedores ou o transporte escolar.

-Centrar os esforzos da administración, cando se convoquen axudas e subvencións públicas, na atención preferente aos máis necesitadosm na converxencia económica e social dunha sociedade máis xusta."

D. Miguel Nacemento, manifesta que o sistema anterior propoñía axudas iguais para todos sen ter en conta os seus ingresos, como se fora "café para todos", que xa un plan implantado noutras comunidades autónomas como Asturias e Extremadura, que se vai a mellorar ás persoas coas rendas mais baixas, e que o novo sistema é mais racional xa que as cantidades que se aforrarián reverteríanse en melloras para os servizos básicos da educación, comedores escolares e no transporte escolar, e que tamen se trata da postas en valor do libro e tamen serve para facer biblioteca na casa.

Dña. Consuelo Besada, manifesta que non esta de acordo con dita moción, xa que ó que propoñía o bipartito da Xunta non era "café para todos" e que o sistema actual e para familias con unha renda máxima de 9,000€ e que os libros deben ser de balde para todos xa que se tivo un dereito que é ó de ter gratuidade de libros para todos os nenos e nenas pero que iso non foi en detrimento do transporte escolar e outros servizos senón que se mellorou o transporte, por exemplo agora hai vixiantes no

transporte escolar e tamén hai mais comedores escolares, polo se que se dou libros gratuitos e mais servizos.

D. Xulio Barreiro manifesta que este novo sistema dalle que desconfiar e que o anterior sistema funcionaba ben e que este novo quedará como algo residual ou a eliminar.

D. Gregorio Agis, manifesta que a gratuidade dos libres debe ser para todos igual, sexan pobres ou ricos é dicir: igual que a sanidade que é universal a educación tamén o debería de ser.

Á Comisión por catro votos a favor dos membros do PP, seis votos en contra dos membros do BNG e PSOE e ningunha abstención acordou ditaminar desfavorablemente a moción presentada e que se someta a consideración do pleno."

O Sr. Martínez Nacemento di que con 180 € por alumno, Galicia será a comunidade que máis subvencione a compra dos libros de texto, despois Navarra e Comunidade Valenciana con 133 € e 127 € respectivamente.

O novo sistema de gratuidade solidaria de libros escolares para reandas baixas e medias racha coa modalidade de préstamo.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria aportará 180 € por alumno de familias con rendas baixas grazas ao novo sistema de axudas á compra de libros en centros públicos e concertados, que vai substituír progresivamente ao mecanismo de préstamo vixente. O novo programa dotará as familias de bolsas que cubrirán a compra en función do nivel da renda, asegurando axudas para as familias con menos recursos. O sistema de "gratuidade solidaria", concibido para que as rendas máis altas e desfogadas contribúan solidariamente coas mías necesitadas, é o que cartos aporta por alumno en toda España.

A bolsa cubrirá a totalidade do gasto en libros para familias con ingresos de ata 5400 euros anuais por persoa no fogar.- ou ata 6000 €, se a familia é monoparental- cunha axuda máxima de 180 € por cada neno, Para as familias con ingresos entre 5400 e 9000 € por persoa no fogar- ou entre 6000 e 9000 € no caso das monoparentais, a Consellería garante unha axuda aproximadamente a metade do custo. Ademais, a bolsa será ata 250 € para o alumnado de Educación Especial, independentemente dos ingresos familiares.

Con este sistema, Galicia situase á vangarda do resto de autonomías en axudas para os libros escolares, colocándose por diante de Navarra 133 € como importe máximo, Comunidade Valenciana 127 € ou Castela e León 105 € . Compre sinalar que cos 180 pódense mercar todos os libros na maioría das librerías de Galicia. Polo demais, o sistema en base á renda xa está implantado noutros comunidades como Asturias ou Extremadura, que contan con gobernos socialistas.

A modalidade elixida permite unha maior solidariedade, centrando as axudas nas familias con menos recursos ao contrario que o anterior modelo que outorgaba cobertura universal, fose cal fose o nivel de renda. Tamén desenvolverá a estabilidade ao

sector do libro, afectado profundamente polo sistema de préstamo e que vía como os seus ingresos variaban cada ano en función dos cursos que se tiñan que renovar.

Implantación progresiva.- O sistema axuda á compra de libros nos dous próximos cursos para 1º e 2º 5º e 6º de primaria e educación especial. No curso 2011-2012 sumaranse 1º e 3º da ESO para pasar a cubrir todos os niveis a partir do curso 212-2013. Os libros de 1º 2º e educación especial xa se renovaban todos os anos e este curso tocaba cambiar os de 5º e 6º.

O programa actual de préstamo continuará vixente mentedure a implantación do novo sistema, polo que os alumnos de 3º e 4º de primaria e os de secundaria recibirán os lotes correspondentes no mes de setembro.

Aforro e maires ventaxas.- o modelo anterior de café para todos era unha enganosa medida universal completamente independente do nivel de ingresos e que non reparaba nas necesidades específicas das familias. O que provocaba ademais un gasto moi elevado por parte da administración. Ebn cambio o programa de bolsas en función da renda centra as axudas nas familias máis necesitadas e permite un aforro importante xa desde o primeiro ano.

O gasto calculado polo goberno bipartito para o curso 2009-2010 ascendía a 14000000 de euros, fronte aos 9700000 € previstos polo actual goberno. Este aforro do 30% manterase durante os catro anos de implantación xa que se calculaba un gasto total, ata 2013, de 70 millóns de euros fronte aos 49 millóns de custará o novo modelo. Isto permitirá a inversión noutros servizos e infraestruturas, como a mellora dos servizos de comedor de centros escolares.

O Sr. Martínez Blanco di que a axuda máxima é de 180 € para as familias con máis necesidades. Pero me parece que o PP descoñe cal é o salario do nivel da pobreza e estas familias non poden soportar todo o gasto dos libros dos nenos (ESO).

A Sra. Besada Lores di que a moción é indefendible xa que a axuda máis grande será de 180 E sobre rendas de 9000 €. No goberno anterior melloráronse moitísimas cousas nos centros escolares, transporte, comedores...

O Sr. Barreiro Lubián di que se van aforrar ao redor de 3000000 € con este sistema, pero as contas non saen se este sistema gasta menos. A educación debe ser gratuita e o mellor será aforrar noutras cousas non en educación. O sistema non quebraba a economía dunha autonomía. O salario medio en Galicia situase en 1400 € e destas familias en Galicia, moitas que xa non van ter dereito a esta axuda.

A Sra. Díaz Iglesias pregunta que relación ten a supresión deste tipo de axudas coa derogación do decreto do galego.

A Sra. Senra Lorenzo di que trasladará ao pleno a opinión das ANPAS dos colexios do Concello de Poio, as lle están a gravar directamente no bolsillo.

O Sr. Domínguez Lino di que esta proposta ía no programa do PP das eleccións de fai 100 días. O 49 % dos galegos dixeron que si a propostas. Xa que a gratuidade do bigoberno é préstamo.

O Sr. Barreiro Lubián di que dentro de 4 anos volverá a haber elección e ahí verase, desde a dereita pensades que a clase pudiente ten máis dereitos pero nos pensamos que os libros deben de ser gratuitos para todos.

A Sra. Besada Lores di que o PP gañou as eleccións nas urnas, síntoma dunha democracia e o PSOE é consciente dos resultados. Aquí fai moitos anos estudaban as mesmas persoas, pero foi un goberno de esquerdas que mandou aos estudantes ás universidades, e o PP o que fai e baixar as becas, dentro de catro anos veranse os resultados.

O Sr. Agís Gómez explica que se están a comparar cantidades con datos enganosos, xa que se está a falar de cantidades que non son reais.

O Sr. Alcalde di que o que se está a facer é romper cun sistema universal, e isto non está xustificado cos resultados das eleccións, xa que estes non xustifican todas as obras. Na actualidade hai moitos servizos que puxo en marcha o bipartido do goberno anterior que agora se queren suprimir: os acompañantes do transporte escolar... son modelos diferentes pero o que se ven son recortes dos logros que se conseguiron.

Unha vez rematado o debate, procédese á votación da moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular a que quedou denegada por 7 votos a favor do PP, 10 votos en contra (7 do BNG e 3 do PSOE) e ningunha abstención

3277.- INTERVENCIÓN, PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO DE REEQUILIBRIO CONCELLO DE POIO.-Pola Secretaria da corporación dase conta aos asistentes da recepción con data 13 de xullo de 2009, número rexistro de entrada 3642 de comunicación de 7 de xullo de 2009 da Dirección Xeral de Política Financeira da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia pola que de conformidade co establecido no art. 21.3º do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade orzamentaria, e unha vez acreditado que o Concello de Poio non acada o obxectivo de estabilidade orzamentaria na liquidación do orzamento de 2008 tal e como se reflite no informe de Intervención de 31 de maio de 2009, lémbrese o deber de remitir á devandita Dirección Xeral o plan económico financeiro que o Pleno no prazo de tres meses dende a liquidación do orzamento debe aprobar.

Redactado polo Alcalde con data 15 de xullo de 2009 plan económico-financieiro de reequilibrio, incorpórase ao expediente

informe da Intervención municipal de 17 de xullo de 2009.

A indicada documentación xunto con sendos informes do mesmo departamento relativos ao volume de endebedamento e ao aforro neto, son elevados á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas que en sesión ordinaria celebrada con data 21 de xullo de 2009 adoptou o ditame seguinte: "Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes, dáse conta pola Interventora presente na sesión do expediente tramitado co motivo da aprobación do plan económico financeiro de data 15 de xullo de 2009 e do informe da intervención municipal de data 17 de xullo de 2009.

D. Javier Domínguez dí que se lle enganou co anterior plan de saneamento aprobado 2008, que antes se lle dixera era para tres e resulta que é para un anos, respostándolle á Dna. Consuelo Besada que estaba confundida en ditos períodos de tempo e que por iso agora hai que aprobar outro plan.

Tamén dí D. Javier Domínguez que as medidas que se tomen deberán ser para conseguila estabilidade presupostaria

D. Xulio Barreiro, di que os plans de estabilidade presupostaria non son efectivos, xa que ó longo do período previsto poden ocorrer moitas cousas polo que e difícil que se cumpran aínda que o desexable sería que se cumpriran.

Tamén indica que se lles facilite copia do presente plan ós membros da Comisión para que teñan mellor coñecemento do mesmo antes do Pleno.

Esta comisión dáse por enterada de dito Plan e que se resolva sobre o mesmo no vindeiro Pleno deste Corporación".

Inicia o primeiro turno de intervencións o concelleiro delegado de facenda, D. Xulio Barreiro explicando que co motivo da recepción do escrito remitido pola Dirección Xeral de Política Financeira elabórase pola alcaldía un plan de estabilidade financeira onde se establecen unhas previsións dos gastos e dos ingresos, que evidentemente poden variar no período de duración de tres anos.

O Sr. Domínguez Lino intervén dicindo que non están de acordo co plan de saneamento financeiro proposto polo bigoberno do BNG e PSOE e non estamos de acordo ao igual que non estivemos na outra ocasión que se quedaron curtos.

Ante a grave crise económica e financeira que padecemos (a pesar dos brotes verde que algúns ven, por certo o mesmo personaxe que ata fai pouco negaba a crise económica que estamos a sufrir) o plantexamento que nos presenta é ridículo, fálanos de reducir 50000 € en gastos correntes é dicir un 1% do orzamento, non podemos estar nos niveis do 46% en gastos correntes nos que non movemos nestes momentos, é insostenible e isto prodúcese desde a chegada a ao poder dos dous gobernos en coalición no ano 2007. Desde ese ano incrementáronse case nun 10% os gastos correntes en orzamentos e isto ce debido a que agora son dous gobernos a repartir, dous gobernos a gastar, dous gobernos a despilfarrar e dous gobernos a pagar soldos. Así nos atopamos na situación económica do Concello, unha situación complicada e moi endebedada, da que dun orzamento de 11 millóns 9 é son de débeda, que nos fai pagar ao ano máis de 900.000 € en amortizacións e xuros, por tano máis de 150 millóns das antigas pesetas e que non

deixan maniatados ata o 2030 como mínimo e cunha marxe de manioobra moi estreita.

Volvemos a insistir e repetir que nos presentan un plan de saneamento escaso e curto como denunciámos o ano pasado e que non aprobaron a proposta do PP e así un ano despois vólvenos a presentar un novo, é dicir que o ano que ven se continúan nas súas treces volverán a ter que presentar outro.

O Sr. Barreiro Lubián contesta que desde un principio o PP non ía estar de acordo coa proposta, fora cal fora. Nun ano de crise no Concello de Poio existe remanente positivo. A estabilidade orzamentaria neste momento pasa por deixar de facer investimentos en saneamento, zonas verdes, alumado público... pero este equipo de goberno non deixará de facer eses investimentos porque son demanda dos veciños e teñen un compromiso con eles.

A Sra. Besada Lores di que ao Partido Popular encántalle dicir o dos dobres soldos o goberno bipartito pero de todas as formas estes soldos seguesn a ser menores que outros.

O plan enténdese como unha declaración de intencións a tres anos e as propostas do PP para aforrar, a verdade é que son ridículas. Unha inestabilidade de 50000 € tampouco é tan preocupante.

O Sr. Domínguez Lino di que con eses 50.000 € non se chegará á estabilidade orzamentaria xa que soamente se fala de gastos correntes para o presente exercicio, este plan non chegará é para o ano que ven haberá que elaborar e aprobar outro.

Por outra banda o Sr. Domínguez amosa un extracto do Faro de Vigo no que se publica un anuncio do Concello en relación co día 25 de xullo de 2009, un gasto asumido polo Concello e que serviría para non gastar.

O Sr. Alcalde intervén dicindo que esta publicación en realción do Día da Patria Galega publícanse anualmente facéndose hai moitos anos, trátase dunha publicación normal, non excesiva, é un día importante para os que nos sentimos galegos, e esta publicación non é motivo do expediente de aprobación de estabilidade orzamentaria.

NESTE MOMENTO AUSÉNTASE DA SESIÓN Á CONCELLEIRA IRENE LIGERO IGLESIAS.

Rematado o debate, en votación ordinaria, ó abeiro do establecido nos artigos 22.1º do Real Decreto Lexislativo 2/2007, de 28 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de estabilidade orzamentaria e o artigo 21 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo voto favorable dos sete concelleiros do grupo municipal do BNG e dos tres do PSdG-PSOE, seis votos en contra do grupo municipal do PP e unha abstención acordou:

Primeiro.- Prestar aprobación ao Plan económico-financieiro de reequilibrio redactado polo Alcalde con data 15 de xullo de 2009 nos seus propios termos.

Segundo.- Someter o expediente a información pública durante quince días hábiles mediante a inserción de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios do Concello.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo xunto co Plan aprobado á Dirección Xeral de Política Financeira da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

3278.- SOLICITUDE DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.- Sometido á votación a inclusión do devandito asunto na orde do día, por non ser previamente ditaminada por ningunha comisión informativa esta quedou aprobada por unanimidade de asistentes.

Pola Secretaria dáse conta do escrito de data 21 de xullo de 2009, que tivo entrada no Rexistro Xeral o mesmo día, núm. 3791, presentado por D. Javier Domínguez Lino actuando en calidade de voceiro do grupo municipal do PP e de acordo co disposto no artigo 77 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, solicita a modicación dos membros do PP nas Comisións informativas a partir do mes de setembro de 2009, quedando da seguinte maneira: **Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas:** Titulares: Javier Domínguez Lino, Irene Ligeró Iglesias, Alberto Villaverde Méndez, Manuel Domínguez Álvarez. Suplentes: Celeste Nieto García, Miguel A. Martínez Nacemento e Angel Moldes Martínez. **Comisión Informativa de Urbanismo:** Titulares: Javier Domínguez Lino, Celeste Nieto García, Angel Moldes Martínez e Miguel A. Martínez Nacemento. Suplentes: Manuel Domínguez Álvarez, Alberto Villaverde Méndez e Irene Ligeró Iglesias. **Comisión Informativa de Educación, Cultura e Deportes:** Titulares: Miguel A. Martínez Nacemento, Angel Moldes Martínez, Alberto Villaverde Méndez e Irene Ligeró Iglesias. Suplentes: Manuel Domínguez Álvarez, Celeste Nieto García e Javier Domínguez Lino. **Comisión Informativa de Seguimento do Plan Especial de Combarro.** Titulares: Manuel Domínguez Álvarez, Irene Ligeró Iglesias, Celeste Nieto García e Javier Domínguez Lino. Suplentes: Alberto Villaverde Méndez, Miguel A. Martínez Nacemento e Angel Moldes Martínez. **Consello de Participación Veciñal:** Titular: Angel Moldes Martínez Suplente: Manuel Domínguez Álvarez. **Consello Municipal de Cultura:** Titulares: Miguel A. Martínez Nacemento Suplente Alberto Villaverde Méndez **Consello Municipal da Muller:** Titular: Irene Ligeró Iglesias **Suplente:** Celeste Nieto García

Non suscitándose debate ningún, o pleno da corporación de conformidade co establecido no art. 125.c) do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, tomou acordo de coñecemento sobre a modificación na composición das Comisións Informativas na forma descrita dando por cumprimentado o trámite, do que se dará traslado para o seu coñecemento e efectos oportos aos distintos departamentos municipais.

MOCIÓNS URXENTES.- Polo Sr. Alcalde pregúntanse se algún membro da corporación quere someter a consideración do Pleno algunha moción urxente que non fora incluída na orde do día, producíndose a seguinte:

3279.- DAR CONTA DO ACORDO NÚM. 6911 ADOPTADO POLA XGL NA SESIÓN REALIZADA O 27/07/2009, PLAN CONCERTADO 2009, EMENDA DEFICIENCIAS.- Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes, pola secretaria dáse conta á corporación do acordo número 6911 adoptado por razón de urxencia pola Xunta de Goberno Local en sesión realizada o vinte e sete de xullo de dous mil nove e que di textualmente o "6911.-SERVIZOS SOCIAIS, PLAN CONCERTADO 2009, EMENDA DEFICIENCIAS.-Dáse conta da recepción con data 22 de xullo de 2009 de comunicación da Secretaría Xeral de Familia e Benestar da Consellería de Traballo e Benestar pola que, en relación coa solicitude formulada polo Concello de Poio de subvención destinada ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais para o ano 2009, requírese desta entidade a emenda das deficiencias advertidas na documentación presentada xunto coa devandita solicitude relativas, entre outros extremos, á inclusión da educador familiar dentro dun dos conceptos para persoal tendo en conta a súa titulación; así como á debida inclusión dos remanentes incorporados na avaliación 2008 na columna "remanente incorporado do exercicio 2008", debendo figurar no concepto "xestión de programas" fomento da cooperación por importe de 43,83 € e o programa obradoiros por importe de 1.792,63 €, debendo figurar as variacións sinaladas no modelo correspondente ao orzamento.

Subsanadas as emendas advertidas descritas anteriormente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade e en exercicio das atribucións delegadas pola alcaldía, por Decreto de 21 de xuño de 2007, de conformidade co disposto no art. 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, (modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro) e de conformidade co artigo 105.2 da Lei 30/1992, de RJAPPAC, **acordou:**

Primeiro: Rectificar o erro material existente na folla "Resumo Xeral" e no Anexo I Folla II "Orzamento", no sentido transcrito no presente acordo seguindo as instrucións comunicadas pola Consellería de Traballo e Benestar, así como proceder á inclusión da educadora familiar dentro do concepto 1.14 Persoal da folla "Resumo Xeral", Técnico de Grao Medio.

Segundo: Dar traslado ao departamento de Servizos Sociais para a comunicación do presente acordo, xunto co resto da documentación requirida á Secretaría Xeral de Familia e Benestar da Consellería de Traballo e Benestar.

Terceiro: Dar conta do presente acordo ao Pleno na primeira sesión ordinaria que realice, dando traslado do acordo que se adopte á Administración Autónoma".

Non subscitándose debate ningún, en cumprimento do sinalado no art. 11.1.1.a) da Orde de 1 de abril de 2009, da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais, o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo isto o seu número

legal de membros ACORDOU

Primeiro: Tomar coñecemento do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria realizada o 27 de xullo de 2009, número 6911.

Segundo: Dar traslado do presente acordo xunto coa demais documentación requirida á Dirección Xeral de Familia e Benestar.

ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.- Non se producen

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte e unha horas, da que se redacta a presente acta, de todo o que eu, Secretaria, dou fe.